




Reclamante: 


Expediente. Nº **RSCTG 083/2018**

Correo electrónico: 

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por , mediante escrito do 30 de xuño de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.**  presentou, mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o día 2 de xullo de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 23 de marzo de 2018, do Xerente do Servizo Galego de Saúde, pola que se inadmite a trámite a solicitude de información respecto do número de actuacións no Servizo Galego de Saúde relacionadas con incidentes/accidentes provocados con armas de caza no período 2016/2017 e número destas actuacións referidas a persoas menores de idade.

O reclamante indica que o Servizo Galego de Saúde remitiu a resolución agora impugnada o día 5 de Abril de 2018, a través dun correo electrónico, sen existir ningún comprobante de entrega nin supoñer unha comunicación certificada, polo que non tería existido unha comunicación fidedigna.

Considera que a negativa a facilitar esta información supón unha conduta abusiva por parte da Xerencia que, de xeito unilateral, cualifica os citados datos dunha necesaria reelaboración, cando a meirande parte das solicitudes de información consisten precisamente na elaboración específica dos datos.

Coñecer o número de actuacións do Servizo Galego de Saúde ao respecto das armas de caza é unha cuestión de interese público, que está circunscrita a un debate social notorio ao

respecto do uso de armas de fogo, a súa normativa e a súa tenza e a utilidade de determinadas prácticas cinexéticas.

Así mesmo manifesta que negar esta información a un cidadán, pero facilitarlla, por exemplo a un cargo electo, suporía unha clara vulneración do lexítimo dereito á solicitar información en poder da administración pública.

O escrito viña acompañado da súa solicitude de acceso á información pública mediante modelo de solicitude PR 100 A da Xunta de Galicia, copia do seu DNI e copia da resolución impugnada.

**Segundo.** Con data 4 de xullo de 2018 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á xerencia do Servizo Galego de Saúde para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 12 de xullo de 2018.

**Terceiro.** Con data 13 de agosto de 2018 a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade contesta a petición, remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, indícase que a solicitude de acceso foi resolta expresamente con data 23/03/2018 e notificada a través do sistema notifica.gal o 05/04/2018.

No informe se indica que no fundamento xurídico 3 da referida resolución denegatoria da solicitude indícase que os datos que o interesado solicita, son datos que o Servizo Galego de saúde non ten estandarizados. Trátase dunha gran cantidade de información, relacionada con incidentes/accidentes dos que o Servizo Galego de Saúde non pode dispor sen que se realice unha labor previa de investigación e posterior elaboración polas respectivas institucións sanitarias, tanto hospitais como centros de saúde. Ademais engádese o feito de solicitar datos referidos a menores de idade, que igualmente requiriría para a súa obtención unha laboriosa tarefa de elaboración.

Aa Lei 19/2013, establece no seu artigo 18 que se inadmitirán a trámite as solicitudes relativas á información para cuxa divulgación sexa necesaria unha acción previa de reelaboración, polo que de acordo co anterior a resolución declara a inadmisión da solicitude razón pola que se estima que o recurso interposto debe ser rexeitado.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda

resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establecen que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A lei 1/2016, de 18 de xaneiro, reconece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se

toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente exigencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

No presente caso o reclamante indica que o Servizo Galego de Saúde remitiu a resolución impugnada o día 5 de Abril de 2018, a través dun correo electrónico sen existir ningún comprobante de entrega nin supoñer unha comunicación certificada, polo que non tería existido unha comunicación fidedigna. O Servizo Galego de Saúde informa que a resolución foi notificada a través do sistema notifica.gal o 05/04/2018.

Queda constancia pois no expediente que o interesado tivo coñecemento da resolución que agora impugna con data do 5 de abril de 2018, polo que téndose presentada a reclamación o interesado con data do 30 de xuño de 2018 (e data de entrada no Rexistro do Valedor do Pobo do 2 de xullo de 2018), debe inadmitirse a reclamación por extemporánea, por ter transcorrido con creces o prazo dun mes que establece o artigo 24.2 da Lei 9/2013.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

#### **ACORDA**

**Único:** Inadmitir por extemporánea, a reclamación presentada por [REDACTED] con data 2 de xullo de 2018, contra a inadmisión da súa solicitude de información pública

sobre o número de actuacións do deste servizo relacionadas con incidentes/accidentes provocados por armas de caza no período 2016/2017 e número destas actuacións relacionadas con menores de idade.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga